

Instrución número: 1/2024, do 18 de abril de 2024

Orix: Instituto Galego de Promoción Económica e Axencia Galega de Innovación

Título: Instrución aclaratoria sobre os artigos 2, 35, 36 e 37 da Resolución do 18 de xaneiro de 2024, conxunta da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN856C).

O artigo 2 da Resolución do 18 de xaneiro de 2024, conxunta da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN856C) establece no seu apartado 2 que:

"Os proxectos financiábeis poderán incluír a investigación industrial, o desenvolvemento experimental e a innovación organizativa, en materia de procesos e de produto, así como o investimento produtivo vinculado á parte científico-tecnolóxica do proxecto, segundo se define no Anexo I destas bases. O orzamento total do proxecto deberá axustarse ás seguintes porcentaxes:

- I+D+I (investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación organizativa, en materia de procesos e de produto), entre un 50% e un 70%, excepto os proxectos que polo seu sector ou actividade, segundo o indicado no parágrafo seguinte, non poidan contar con investimento produtivo, que poderán chegar ao 100%.*
- Investimento produtivo, un mínimo do 30% e ata un máximo do 50% [...]."*

Por outra banda, os artigos 35 a 37 da devandita Resolución do 18 de xaneiro de 2024 dedícanse á xustificación da subvención, tanto no que atinxe á parte económica como técnica.

Coa finalidade de aclarar a interpretación dos mencionados artigos 2, 35, 36 e 37 da Resolución do 18 de xaneiro de 2024, dítanse as seguintes



INSTRUCCIÓNS

PRIMEIRA.- INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 2 DA RESOLUCIÓN DO 18 DE XANEIRO DE 2024

A porcentaxe de investimento produtivo obrigatoria (cando sexa posible por mor do sector e actividade) de entre o 30% e o 50% do orzamento total do proxecto entenderase tamén cumprida cando este investimento produtivo sexa realizado por unha grande empresa. En consecuencia, nestes casos o proxecto será ademais priorizado na súa clasificación de acordo co establecido no artigo 29.3 da Resolución do 18 de xaneiro de 2024.

En todo caso, o investimento produtivo realizado por unha grande empresa terá a consideración de actividade non subvencionable pola convocatoria da Resolución do 18 de xaneiro de 2024.

SEGUNDA.- INTERPRETACIÓN DOS ARTIGOS 35 A 37 DA RESOLUCIÓN DO 18 DE XANEIRO DE 2024

Nos casos nos que unha grande empresa asuma todo ou parte do investimento produtivo do proxecto, deberá xustificar ante o Instituto Galego de Promoción Económica, ou ante quen del traia causa, o cumprimento dos requisitos, a realización da actividade e o cumprimento da actividade. Entre outras cousas, deberá acreditarse a vinculación do investimento produtivo coa parte do proxecto de I+D+i, así como a adquisición do equipamento con data posterior á solicitude da axuda.

En todo caso, a grande empresa que realice investimento produtivo deberá cumprir os requisitos dos artigos 35 a 37 da Resolución do 18 de xaneiro de 2024 que procedan. Así mesmo, este investimento produtivo será obxecto de seguimento por parte dos técnicos da Xunta de Galicia, o que inclúe as visitas presenciais de comprobación que se consideren precisas.

A directora do Instituto Galego
de Promoción Económica

Covadonga Toca Carús

A directora da Axencia Galega de
Innovación

Patricia Argerey Vilar

